

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

*ANUNCIO do 1 de outubro de 2018 polo que se somete ao trámite de información pública a separata para información pública do proxecto de construción Fomento da mobilidade sustentable. Senda na PO-308. Treito Fontenla-Combarro. Punto quilométrico 3+500-5+150, de clave PO/16/257.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.*

Antecedentes:

O artigo 6.2 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e o artigo 12.2 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, determinan que os espazos destinados a sendas para peóns ou para a circulación de ciclistas teñan a consideración de elementos funcionais da estrada. Tendo en conta este precepto, a Xunta Galicia elaborou a «Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia», entre cuxos obxectivos está o fomento dos sistemas de transporte alternativos aos motorizados que permitan minimizar as repercusións sobre o ambiente e os seus impactos sociais e económicos.

Os beneficios esperados con esta iniciativa son, entre outros, a mellora da mobilidade, a mellora da calidade do aire, da saúde, da igualdade e benestar da economía, do patrimonio e do urbanismo.

Con data do 29 de maio de 2017 a Axencia Galega de Infraestruturas aprobou, con base na «Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia», o documento «Estratexia en materia de mobilidade alternativa na comarca de Pontevedra e concellos limítrofes» onde unha das sendas propostas era unha senda na PO-308, que agora se desenvolve mediante o proxecto construtivo: «Fomento da mobilidade sustentable. Senda na PO-308. Treito: Fontenla-Combarro (p.q. 3+500-5+150), clave: PO/16/257.06.

O obxecto do proxecto é definir, xustificar e valorar as obras necesarias para a construción dun itinerario peonil e ciclista que permita a circulación de peóns e ciclistas non deportivos pola marxe esquerda da estrada autonómica PO-308, entre os p.q. 3+500-5+150.



Trátase dunha actuación que enlaza os distintos núcleos lindantes ao treito de estrada obxecto de estudo, favorecendo a conexión dos principais focos de atracción como son o casco urbano de Combarro, o parque da Seca onde se encontra o polideportivo municipal de Poio, o colexio público Isidora Riestra e a Praia de Padrón, situada ao este do municipio de Combarro.

O treito de actuación caracterízase por unha alta densidade de edificación, o que constitúe un condicionante fundamental na xeometría final da actuación.

O itinerario consta de 1.650 m de lonxitude, ao longo do cal se executa unha senda de largo variable en función da dispoñibilidade do espazo, cun mínimo de 1,8 m, separada da zona de tráfico rodado por unha franxa axardinada e unha cuneta, ambas de largo variable en función do espazo dispoñible. Prevese, ademais das obras de pavimentación, a execución do sistema de drenaxe de augas pluviais e a reposición de aqueles servizos afectados pola execución das obras.

Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

#### RESOLVO:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e no artigo 50 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia o mencionado proxecto de construción sométese ao trámite de información pública durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.

Segundo. Que, simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Decreto do 26 de abril de 1957, polo que se aproba o Regulamento de expropiación forzosa, sométese a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Terceiro. A exposición ao público, para os efectos da presente resolución, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas de Pontevedra (avda. M<sup>a</sup> Victoria Moreno, 43-1º, 36071 Pon-



tevedra), Casa do Concello de Poio (praza do Mosteiro, 1, 36995 Poio. Pontevedra). Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ([http://civ.xunta.gal/organizacion/c/CIV\\_Axencia\\_Galega\\_de\\_Infraestruturas](http://civ.xunta.gal/organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestruturas)) atópase a disposición dos interesados o documento completo do proxecto de construción.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2018

Francisco Menéndez Iglesias  
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

CVE-DOG: p0up2e27-x9y5-e9l8-egl3-ij9jvgn2ozl2





## ANEXO

## Relacion de bens, dereitos e propietarios afectados

Proxecto de construción fomento da mobilidade sustentable. Senda na PO-308. Treito: Fontenla-Combarro. P.Q. 3+500-5+150.  
Clave: PO/16/257.06. Concello de Poio.

Nº	Ref. catastral	Titular	Polígono	Parcela	Sup. catastral total (m <sup>2</sup> )	Sup. afectada (m <sup>2</sup> )	Bens afectados
1	5791045NG2959S	Casas Rial, Peregrina	57910	45	347	9,22	
2	5791044NG2959S	Couselo Torres, Carmen Quintina	57910	44	318	38,96	
3	5791040NG2959S	Casas Rial, Peregrina	57910	40	202	46,20	
4	5791038NG2959S	Torres Pazos, Julio	57910	38	113	45,67	Muro de pedra+columna de pedra+recuamento portalón metálico+recuamento portalón peonil+lintel de pedra en acceso
5	5791037NG2959S	Torres Soto, Julio	57910	37	530	97,49	Árbore ornamental+planta ornamental+xardineira de formigón+solo de pedra+piso formigón formación peldaños+muro de pedra
6	5791036NG2959S	Laredo Rial, M <sup>a</sup> del Carmen	57910	36	608	80,77	Árbore ornamental de gran porte
7	5791035NG2959S	Alonso Martínez, José	57910	35	362	46,98	Viñedo+poste de pedra
8	5791034NG2959S	Pousada Martínez, Maximino	57910	34	680	25,73	
9	5791032NG2959S	Pousada Martínez, Maximino	57910	32	523	17,79	Xardineira de formigón+planta ornamental
10		Sen referencia catastral			523	23,50	
11	5589311NG2958N	Esperón Sartal, José Ramón	55893	11	303	24,45	Recuamento portalón peonil+recuamento portalón metálico+muro de pedra+balaustrada de pedra+recuamento contador+solo de baldosa
12	5589312NG2958N	Pousada Souto, Carolina	55893	12	216	94,81	Recuamento contador+recuamento portalón metálico+recuamento portalón peonil+murete formigón+columna de pedra+planta ornamental+árbore ornamental
13	5589314NG2958N	Muñiz Casas, Ángela	55893	14	181	45,85	
14	5589315NG2958N	Comunidad Vecinal de S. Juan de Poio	55893	15	2.698	161,05	Planta ornamental+árbore ornamental
15	5589316NG2958N	Pintos Estévez, Miguel Ángel	55893	16	870	83,87	Recuamento contador+solera formigón+formación peldaños+recuamento de peche metálico
16	5388501NG2958N	Pazos Casas, Modesto	53885	01	546	164,21	Recuamento caseta metal



Nº	Ref. catastral	Titular	Polígono	Parcela	Sup. catastral total (m²)	Sup. afectada (m²)	Bens afectados
17	5388511NG2958N	Pazos Casas, Modesto	53885	11	377	67,33	
18	5388510NG2958N	Cochón Couselo, José	53885	10	391	47,17	
19	5388504NG2958N	Casais Gómez, Daniel e outros	53885	04	638	84,69	
20	5388508NG2958N	González Bermúdez, Manuel e outros	53885	08	353	33,27	Columna de pedra+recuamento portalón peonil+varanda de fundición/aceiro+recuamento portalón metálico+solo de baldosa+pérgola de metacrilato
21	5388507NG2958N	Maquinaria profesional Industrial, S.L. Uni.	53885	07	613	35,59	Recuamento contador
22	5388506NG2958N	Barral Abal, Ventura	53885	06	1.088	33,63	Peche malla t. torsión+poste de pedra+recuamento portalón peonil
23	5388505NG2958N	Torres Abillería, Manuel	53885	05	863	10,25	Recuamento portalón peonil+columna de pedra+recuamento portalón metálico
24	36041A03900878	Tilve Carballa, Marina	039	878	227	18,51	
25	36041A03900882	Alfonso García López, S.A.	039	882	2.035	95,65	
26	36041A03900928	Graña Pousada, Miguel Ángel	039	928	84	15,59	
27	36041A03900931	Silva Vidal, Dolores	039	931	648	23,99	
28	36041A03900932	Pérez Calvo, Víctor	039	932	38	33,11	
29	36041A03900933	Laredo Rial, Mª de los Ángeles	039	933	177	40,07	
30	36041A03900945	Esperón Esperón, Francisco	039	945	132	47,05	
31	36041A03900942	Prieto Salvadores, José	039	942	444	71,83	Recuamento contador+murete formigón+recuamento portalón metálico+recuamento portalón peonil+árbore ornamental+zona axardinada+árbore ornamental de gran porte
32	36041A02200230	Cochón Sartal, Cándido	022	230	86	14,55	Peche malla t. torsión/poste formigón
33	36041A02200231	En investigación art. 47 da Lei 33/2003	022	231	856	105,30	
34	36041A02200240	Ucha Buceta, Ana Mª (herdeiros)	022	240	1.047	22,04	Edificación (garaxe)
35	36041A02200250	Ameneiros Méndez, Mª Teresa	022	250	1.401	60,23	
36	36041A02200269	Ameneiros Méndez, Francisco	022	269	65	47,21	
37	36041A02200313	Viñas Cochón, Manuel	022	313	410	53,18	
38	36041A02200312	Rosal Doce, Manuel	022	312	337	84,70	



Nº	Ref. catastral	Titular	Polígono	Parcela	Sup. catastral total (m²)	Sup. afectada (m²)	Bens afectados
39	36041A02200306	Hospedería del Monasterio de Poio (Orden de la Merced-Provincia)	022	306	2.399	858,09	
40	36041A02200305	Aris de la Fuente, Pilar	022	305	114	15,13	
41	36041A02200301	Hospedería del Monasterio de Poio (Orden de la Merced-Provincia)	022	301	1.109	130,48	Peche malla t. torsión/poste formigón+recuamento portalón peonil+árbore ornamental
42	36041A02200294	Calvo González, Carmen	022	294	491	43,67	Murete formigón+peche mall t. torsión/poste formigón+viñedo
43	36041A02200291	Del Río Soto, Palmira	022	291	238	45,87	
44	36041A02200290	Pérez Muñiz, Mª Carmen	022	290	81	11,73	Cobertizo
45	36041A02200288	Martínez Carballa, José Andrés	022	288	98	7,79	
46	36041A02200287	Moldes Prado, Digna	022	287	104	12,00	
47	36041A02200286	Abilleira Balboa, Victoriano	022	286	338	47,61	
48	36041A02200285	Pérez Cayo, José Manuel Mayor	022	285	225	31,38	
49	36041A02200284	Mª Obras Públicas, Transportes y Medio Ambiente	022	284	86	40,20	
50	36041A02200282	Fernández Carballa, Dolores	022	282	187	24,92	
51	36041A02200281	Penas Aris, Eugenio	022	281	260	80,21	
52	36041A02200279	En investigación art. 47 da Lei 33/2003	022	279	101	16,94	
53	36041A02200278	Fuente Abal, Francisco de la	022	278	55	14,68	
54	36041A02200276	Graña Graña, José Manuel	022	276	1.021	114,00	Muro de pedra+columna de pedra+recuamento portalón metálico+recuamento portalón peonil+varanda de fundición/aceiro+recuamento de contador
55	36041A02200271	Montes Regenjo, Mª Isabel	022	271	522	51,11	Murete formigón+recuamento de contador+muro de pedra+columna de pedra+varanda de fundición/aceiro+recuamento portalón peonil+planta ornamental
56	36041A02200270	Míguez Montes, Celestino	022	270	142	32,45	
57	36041A02200226	Esperón Pérez, Francisca Pilar	022	226	256	32,70	
58	36041A02200211	Calvo Seren, Salvador	022	211	421	21,87	Muro de pedra+columna de pedra+recuamento portalón metálico+varanda de fundición/aceiro



Nº	Ref. catastral	Titular	Polígono	Parcela	Sup. catastral total (m <sup>2</sup> )	Sup. afectada (m <sup>2</sup> )	Bens afectados
59	36041A02200216	Calvo Seren, José Antonio	022	216	315	41,03	Recuamento de contador+recuamento portalón metálico+recuamento portalón peonil+varanda de fundición/aceiro
60	36041A02200328	Pombo Calvo, Carlos	022	328	523	13,64	Columna de pedra+recuamento portalón metálico+muro de pedra+varanda de fundición/aceiro
61	36041A02200327	De la Fuente Alonso, M <sup>a</sup> del Carmen Teresa	022	327	453	11,30	Peche malla t. torsión+poste de pedra+recuamento portalón peonil

